

## X Edición do Concurso Internacional de Novela Curta "Cidade Centenaria de Ribeira"

### BASES DA CONVOCATORIA 2024-2026

*Convoca a Área de Cultura do Concello de Ribeira e Edicións Xerais de Galicia para promover, apoiar e por en valor a literatura en lingua galega e conmemorar a concesión do título de Cidade, outorgado pola S.M. O Rei Alfonso XIII o 23 de marzo de 1906.*

1. As bases reguladoras deste premio foron aprobadas polo Pleno do Concello de Ribeira e publicadas como *Ordenanza reguladora do premio do Concurso Internacional de Novela Curta Cidade Centenaria de Ribeira* no BOP da Coruña do 29 de maio de 2018.
2. Poderán concorrer ao certame de novela curta todas as persoas, maiores de idade, de calquera nacionalidade e/ou residencia, cun único traballo en lingua galega (empregando a normativa ortográfica e morfolóxica aprobada pola RAG en 2003) de temática libre, orixinal e inédito. As/os participantes atoparanse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non estarán incurso en ningunha das exclusións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A concesión efectuarase mediante un réxime de concorrencia competitiva.
3. A obra, cunha extensión mínima de 80.000 caracteres e máxima de 140.000 caracteres con espazos, presentarase por quintuplicado en exemplares separados, mecanografados por unha soa cara (tipo de letra *Times New Roman*, tamaño 12), debidamente grampados ou encadernados co título e pseudónimo, sen firma ou calquera outro elemento que poida ser identificador do/a autor/a. Deberá ademais necesariamente incorporar un CD co arquivo dixital do texto en formato Word, OpenOffice ou similar.
4. Para a concesión do premio valorarase a técnica literaria, a calidade da escritura e a orixinalidade, entre outros aspectos.
5. A plica, en sobre á parte co título e o pseudónimo no exterior, deberá conter no seu interior os datos do autor/a e fotocopia de identificación (DNI/ Pasaporte), así como declaración xurada de aceptación das bases do certame e de que a obra presentada é orixinal do/a autor/a e inédita.
6. O prazo de admisión dos orixinais comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP da Coruña e rematará o 23 de marzo de 2025 –incluído-.
7. Os traballos, citando "**X Concurso Novela Curta Cidade Centenaria de Ribeira**", remitiranse a: Concello de Ribeira, Rexistro Xeral. Á/a da Área de Cultura, Praza do Concello, s/n, 15960, Ribeira, A Coruña, España.

8. Establécese un Primeiro e Único premio de **3.000,00 €**, diploma conmemorativo e publicación da obra, que será realizada por Edición Xerais de Galicia. O importe do premio estará suxeito á lexislación fiscal vixente.
9. O/A autor/a terá que recoller persoalmente o premio na data, lugar e hora que sinala a organización do certame, a non asistencia, ou delegación sen que estea debidamente xustificada por causa maior, suporá a renuncia a este.
10. O xurado terá todas as facultades para a decisión do premio, que non quedará deserto. Estará composto por persoas de recoñecido prestixio e emitirá publicamente o seu veredicto no mes de maio de 2025. A decisión do xurado proporase á XGL de Ribeira, órgano que tomará acordo e cuxa resolución porá fin á vía administrativa. A presentación a este concurso non xera dereito ningún ata a decisión do xurado e a aprobación pola XGL.
11. O acto de entrega terá lugar, preferentemente, no mes de maio de 2025, do cal se dará conta aos medios de comunicación. A publicación e presentación da obra gañadora será en 2026.
12. Os traballos non premiados serán destruídos vinte días despois do veredicto, polo que a súa reclamación farase persoalmente no C.C. Lustres Rivas de Ribeira durante ese prazo. Non se manterá comunicación cos participantes, agás co autor/a da obra premiada.
13. O feito de concorrer ao certame implica a aceptación das devanditas bases.

En Ribeira, maio de 2024.